



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025

En cumprimento do establecido no artigo 70.2 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do Estatuto básico do empregado público, no 48.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no 5º do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local e no 20.Tres.3 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, faise público que por Decreto do señor Alcalde 958/2025, do 26 de decembro, acordouse:

Aprobar a seguinte oferta de emprego público do Concello de Padrón para o 2025 de acordo co Orzamento Municipal e o cadro de persoal aprobados conxuntamente co Orzamento Municipal para o 2025:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA					
Grupo	Clasificación	Denominación	Acceso	Num. vacantes	Reserva persoas con discapacidade
C1	Escala de administración especial. Subescala servizos especiais. Clase policía local. Escala básica, categoría oficial.	Oficial xefe da policía local.	movilidade	1	---
C1	Escala de administración especial. Subescala servizos especiais. Clase policía local. Escala básica, categoría policía.	Policía.	libre	2	---
Total funcionarios de carreira				3	---
PERSOAL LABORAL					
IV	Oficial	Oficial de obras e servizos	libre	1	---
V	Peón condutor.	Peón condutor de obras e servizos	libre	1	1
Total persoal laboral				2	---
TOTAL				5	---

Contra a resolución indicada, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes dende o día de publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende o día de publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca